



---

**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE –PRESIDENTE  
DESTE CONCELLO, A TÓDOLOS VECIÑOS DO TÉRMO MUNICIPAL**

**INFORMA:** Que está aberto o prazo de solicitudes para o **PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL”** que convoca a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, **dirixido ás persoas maiores que, valéndose por si mesmas, non teñan con quen pasar este Nadal.**

**(Estancia na Residencia de Tempo Libre de O Carballiño-Ourense dende o 23 de decembro ao 2 de xaneiro)**

Poderán beneficiarse aqueles/as que cumpran os seguintes requisitos:

- ☞ Ser maior de 60 anos.
- ☞ Estar empadroado/a nalgún dos concellos galegos e vivir no seu domicilio.
- ☞ Valerse por si mesmo/a e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais que poidan alterar a convivencia.
- ☞ Non estar acollido/a en ningún centro residencial.
- ☞ Ter que pasar só/a as datas do Nadal.

Terán preferencia na selección, aquelas persoas que:

- Realmente viven soas e non teñan con quen pasar o Nadal.
- Teñan un menor nivel de ingresos económicos.
- Teñan más idade.
- Non participaran en pasadas edicións do Programa Xuntos polo Nadal

As persoas participantes con ingresos inferiores ao IPREM (532,51 €/mes) asistirán de forma gratuita ao programa, mentres que aquellas con uns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50 €.

#### **PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 23 DE NOVEMBRO DE 2016**

Para máis información deberán dirixirse aos Servizos Sociais do Concello.

O que informo para xeral coñecemento.  
Oza-Cesuras a 2 de novembro de 2016